



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA SEIS DE MARZO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDES-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D. Cesar Aja Mariño, (P.P.)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D^a.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

Dona Olaia Casas Chaves (BNG)

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

EXCUSA

D.Sergio Aguado Delicado

Interventor en funcións

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día seis de marzo de dous mil catorce , baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello .

1º.-DACION DE CONTA DE RESOLUICONS DA ALCALDIA

Pola Sr^a.Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervención o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

2º.-ACEPTACION DA RENUNCIA DE UN POSTO NA PRAZA DE ABASTOS E SACALO A CONCURSO.

Pola Sra. Alcaldesa dase conta da renuncia dun posto na Praza de Abastos e de a necesidade de sacalo novamente a concurso.

Visto o informe do Servizo de Contratación no que se indica que D^a Ana María Fernández Hevia, con DNI 1083544B, presentou escrito en data 8 de febreiro de 2013 (nº de rexistro 881), mediante o que presenta renuncia ó posto da praza de abastos da que viña sendo titular, destinado á venda de froitería.



Visto que a concesión sobre os postos da Praza de Abastos son competencia plenaria.

Tendo en conta que se dictamina favorablemente na Comisión Informativa de 27 de febreiro de 2014

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acepta-la renuncia ó posto da praza de abastos da que viña sendo titular e que solicita D^a. ANA MARIA FERNANDEZ HERVIA, destinado á venda de froitería, de 11,20 m2 útiles .

Segundo.- Sacar o devandito posto a concurso para a súa adxudicación previo prego de condicións.

Terceiro.- Dar conta ao Servizo de Contratación para a súa tramitación.

3º.- ESCRITO SOBRE DECLARACION DE INTERES TURISTICO NACIONAL DA RAPA DAS BESTAS.

Pola Sr^a. Alcaldesa dase conta de escrito de D. Carlos Martínez Fernández, Secretario da Feira e Festa “RAPA DAS BESTAS”, manifestando que a Festa “Rapa das Bestas” que ten lugar a súa celebración o primeiro domingo de xullo, na Parroquia de Boimente de este término municipal, e que foi declarada “Festa de Interés Turístico” de ámbito Nacional, por motivos que se descoñecen actualmente ven catalogada como Festa de Interés Turístico a secas, e interesa que por parte do Concello se adopte acordo Plenario para que sexa declarada a Festa de Interés Turístico Nacional comprometéndose a devandita Comisión a facer os trámites necesarios e xuntar a documentación precisa para tal fin.

Aberta a quenda de intervencións, seguidamente, prodúcese a

Do concelleiro D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal “Independentes de Viveiro” quen ven en presentar o seu argumentario que dí:

“FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO EN ESPAÑA

A creación da denominación honorífica de “Festas de Interese Turístico”, na súa versión xenérica e inicial, foi realizada mediante a Orde de 30 de Septiembre de 1964 polo Ministerio de Información e Turismo sendo Ministro D. Manuel Fraga Iribarne, publicada no BOE do 19 de Outubro, e modificada polas ordenes das datas 1 de Marzo de 1968, 30 de Outubro de 1971 y 29 de Marzo de 1973.

No ano 1979, e mediante a Orde de 29 de Xaneiro do Ministerio de Comercio e Turismo, publicada no BOE o 12 de Febreiro, sendo Ministro D. Juan Antonio García Díez, modifícase a normativa que rexía o outorgamento da denominación honorífica de Festas de interese turístico, na súa versión xenérica e clasifícanse e dividense en tres categorías; Festas de Interese turístico Internacional; Festas de Interese turístico Nacional; e Festas de Interés Turístico, segundo seu grado de importancia.

Para seguir ostentando a denominación de “Interés Turístico” sería obrigatoria a súa clasificación con arreglo a disposto na disposición transitoria, artigo único, da presente orde, antes del 31 de Octubre de 1979, e que poderían ser solicitadas entre outros polos Ayuntamientos, presentando o correspondente expediente.

Mais adiante, mediante a resolución da creada Secretaria de Estado de Turismo na data do 29 de Enero de 1980, insertada no BOE o 16 de Febreiro, publícase a relación de "Festas de Interese Turístico de España", clasifícanse en tres categorías: Festas de Interese Turístico Internacional, 16, Festas de Interese Turístico Nacional 29 e Festas de Interese Turístico, 111.

No apartado terceiro, Festas de Interese Turístico, están relacionadas por este orde: Viveiro (Lugo)- El Naseiro e Rapa Das Bestas.

O Naseiro acadaba a distinción en 1968.

Da Rapa das Bestas, non teño constancia da data pero sería por esa época tamén.



As esixencias da nova organización territorial administrativa do Estado, concedelles ás Autonomías unha nova regulación neste ámbito, e publícase a Orde de 29 de setembro de 1987, no BOE de data 27 de Outubro, por a que se regulan as declaracións de Interés Turístico Nacional e Internacional.

A partir desta normativa o Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións, deixa a regulación das que en 1979 denomináranse “Festas de Interés Turístico”, a secas, pois a partires de ahi, e tralas competencias asumidas en Turismo por las comunidades autónomas atribuían a éstas a regulación das mesmas.

De todo isto despréndese que nin dende o Concello nin dende a organización da festa se enviou ningún expediente de regularación para ostentar outra categoría dentro da clasificación.

E non habendo máis intervencións, seguidamente pásase á votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade, con dezasete votos a favor, de todos os membros que compoñen a Corporación Municipal, ACORDA:

1º.- Solicitar á Secretaría de Estado de Turismo para que a Festa “Rapa das Bestas” que se celebra na Parroquia de Boimente do Concello de Viveiro (Lugo) que foi declarada de Interés Turístico, con carácter honorífico, según comunicación do Ministerio de Información e Turismo de 24 de febreiro de 1977. sexa reclasificada e catalogada como “Festa de Interés Turístico Nacional.

2º.- Comunicar á Xunta organizadora da Feira e Festa “Rapa das Bestas” se faigan os trámites necesarios para a remisión do expediente e recopilación de toda a documentación existente tanto neste Concello como na Parroquia e sede da Festa, ao obxecto de que se poida reclasificar.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.-Polo Concelleiro D. Jaime de Olano Vela, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no Pleno, a seguinte pregunta:

1.-1) No mes de xuño de 2011 no xulgado de Instrucción núm 1 de Viveiro abríronse dilixencias xudiciais de investigación pola desaparición dunha importante cantidade de diñeiro do Servizo da Recadación Municipal sin que ata a data, e xa pasaron casi tres anos, saibamos quen é o responsable e si xa se repuxo a cantidade presuntamente sustraída.

A ninguén se lle espaca a gravidade do feito, e por elo entende que, paralelamente á investigación xudicial, dando o Concello haberase aberto un expediente de investigación sobre esos mesmos feitos, e por iso solicitamos infórmese dos seguintes extremos:

-¿En que estado se encontran as dilixencias xudiciais?.

-¿Identificáronse as persoas presuntamente responsables?.

-No caso de que se houbera aberto expediente de investigación a nivel interno municipal ¿En que estado se encontra o mesmo?.

Intervén a Señora Alcaldesa para contestar que ten coñecemento da gravidade do feito e que está todo no Xulgado, polo que pasa a indicar os pasos que se deron, sendo os seguintes:

1.- “Abrese unha investigación interna Coa data de 5 de abril de 2011, comunicase a Alcaldía que están chegando contribuintes as oficinas de Recadación que afirman haber pagado os impostos ou multas, acreditándoo cos recibos sinalados e ditos recibos compróbase que non constan contabilizados nin ingresados na caixa. Dase conta tamén a Policía local que procede a recabar datos e tomar declaracións as persoas que acreditan haber abonado os recibos e que non aparecen contabilizados.Se Instruye por a Policía Local o atestado 46/2011.Se dicta providencia polo Alcalde e resólvese dar traslado de todo o actuado pola policía ao Xulgado de Gaurdia de Viveiro e tamén ao Tribunal de Contas.

2º.-Por parte do Xulgado de Garda se turna a denuncia e se instruye polo xulgado nº 2 as Dilixencia Previas 602/2011, na instrucción declara como testigo varios empregados do concello de Viveiro.Unha vez instruída a causa hai dúas imputadas e unha queda sobreseída e síguese o trámite do procedemento abreviado soio contra unha imputada dando traslado da instrucción á Audiencia Provincial de >Lugo,sección segunda, donde está pendiente de xuízo para o día 8 de abril de 2014.



3.- O mesmo tempo dase traslado de todo o actuado ao Tribunal de Contas, e por este se instruíron as Dilixencias Preliminares nº C-152/11, feitas as investigacións pertinentes polo Tribunal de Contas, considera que existen indicios de responsabilidade contable e abrese o Precedimento de Reintegro por Alcance nº C-208/12 contra unha imputada, hoxe en trámite. Estando o Concello personado neste procedemento.

4.- Sobre medidas que se tomaron, dí que cada un que ten un posto de traballo e ten que ter a súa responsabilidade, e as medidas son que se cobre o menos posible nas oficinas municipais, senon que sexa a través do banco aínda que as persoas maiores son reacias a domiciliar os recibos. que xa sabemos que cada empregado municipal ten a súa responsabilidade do seu traballo

2º.- Polo Concelleiro D. Jaime de Olano Vela, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, formula, para a súa contestación no Pleno, a seguinte pregunta:

2º.-1- A principios do mes de outubro pasado, anunciouse por parte do goberno municipal, a posta en marcha dun servizo especial de autobús para los universitarios do noso concello. De esta iniciativa, que o noso grupo aplaudeu desde o inicio, non volvimos a saber nada, máis alá de aquela declaración inicial sobre a data de inicio do servizo- “apincipoz de novembro como moi tarde” díxose- é por iso que gustaríanos coñecer:

¿En que situación s encontra aquela iniciativa e en qué prazo ten previsto iniciar o servizo prometido e anunciado pola Sra. Alcaldesa?.

Intervén a Señora Alcaldesa para contestar o seguintes:

Que se está a contratar o servizo con “Autobuses Morán” para levar aos estudantes ás Universidades, e que o Concello fixo todo da súa parte para poñer en funcionamento o servizo pero que ata agora está pendente de que se autorice pola Xefatura de Transportes, xa que sempre se nos díxo que temos que esperar a autorización da Xefatura de Transportes e que non se pode contratar ata que a Xefatura de Transportes autorice. Agora fixemos un contrato e vólvese a solicitar documentación á empresa por parte de Transportes. Actualmente estamos á espera de que a Dirección Xeral da Xefatura de Transportes decida autorizar o servizo.

3º.- Polo Concelleiro D. Jaime de Olano Vela, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, formula, para a súa contestación no Pleno, a seguinte pregunta:

3º.-1- Recientemente, tívose coñecemento de que a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, comunicou a resolución do contrato co Concello de Viveiro, e por este motivo solicitamos se informe sobre os seguintes aspectos:

-¿Cales foron os motivos polos que Correos decidiu resolver o contrato co Concello de Viveiro?.

-Solucionouse actualmente esta desagradable situación?, ¿Asinou se un novo contrato e en que condicións?.

-No seu caso, ¿Qué sistema utiliza actualmente o Concello de Viveiro para as comunicacións postais?..

Intervén a Señora Alcaldesa para contestar o seguinte:

“ O 20 de Novembro de 2013 recórdannos que existen dúas facturas que sumaban 185,40 Euros por intereses de demora correspondentes ao exercicio 2012, así como as facturas correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2013. O día 25 de novembro de 2013 páganse as facturas de xullo e agosto por un importe de 2.895,33 euros, quedando pendentes os 185,40 euros dos intereses de demora.

O día 2 de decembro de 2013 comunicánlle en Correos á funcionaria municipal a paralización do contrato 15000234 por impago. Nesa data, ao impago dos 185,40 euros dos intereses de demora estaba pendente o mes de setembro (3.282,34 euros). O mesmo día 2 de decembro págase este mes de setembro e o mes de outubro, cuyo pago aínda non vencera, en total 5.852,61 euros.

O interventor ponse en contacto telefónico co responsable comercial de zona e este asegúralle que efectuado este pago reactivase o servizo do contrato ao día seguinte, 3 de decembro de 2013.

Posteriormente, indícase que non se reactiva o servizo ata pagar os 185,40 euros dos intereses de demora, despois de facer as xestións e aprobar o pago polos órganos de goberno. O día 4 restablécese o servizo do contrato citado.



Ao equipo de goberno a medida tomada pola Sociedade Estatal de Corresos pareceulle unha decisión esaxerada e desconsiderada.

1º.-Por D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta:

1º.-No Pleno do 29/11/2012 este grupo municipal presentou unha pregunta relacionada coa rúa Vila de Ortigueira na parroquia de Covas, donde sinalábamnos que faltaban tramos de beirarrúa por completar, así como o mal aspecto que presentaba pola abundancia de maleza e un alumado público moi inferior o das rúas contiguas, o que habería que sumarlle un firme moi deficitario. Por parte da Alcaldía respóstábasenos que se tiña previsto reparar cando viñeran as máquinas da Deputación.

O día de hoxe a rúa Vila de Ortigueira segue nas mesmas malas condicións que por aquel entón, por eso preguntamos unha vez máis:

¿Vai acometer o Goberno Local obras nesta Rúa a curto prazo para rematar as beirarrúas, mellorar a súa limpeza, reparar o firme e mellorar o alumado público actual?.

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

.-RUA VILA DE ORTIGUEIRA

O Concellero de Obras infórmame que na rúa Vila de Ortigueira se limpa a maleza periódicamente e, con respecto ao alumado, colocáronse luminarias que antes non existían. En calquera caso, miraremos se é necesario engadir algunha máis.

Asumindo que o firme non está nas mellors condicións, temos que dicir que se actuou máis dunha vez tapando os baches que se foron xerando. O problema do firme desta rúa e de outras moitas (como o camiño á escola vella de Vovas, a rúa Granxas B, a rúa Granxas D, Lapido e, incluso, o paseo marítimo), é que na época do goberno do PP fixéronse sen haber recollida de pluviais, polo que, coas chuvias que estamos soportando estes invernos, todo o que vamos respoñendo se deteriora.

-En principio non se van acometer obras, non obstante terase en conta para un futuro se as condicións económicas melloran ou se algunha administración afronta o custe das mesmas.

-Aproveito a ocasión para comentar segundo me traslado o Concelleiro de Obras que no subsolo nos atopamos continuamente con sorpresas urbanísticas de época do goberno do PP. Sen entrar na diferente forma de acometer a urbanización de novas construcións, na actualidade a conta dos construtores, nas obras que realiza o concello pénsase no futuro. Por esta razón, ademais de realizar canalizacións separadas de augas pluviais e alcantarillado, deixáronse canalizacións para posteriores servizos.

2º.-Por D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

2º.- No Pleno do día 20/06/2013 este grupo municipal preguntaba a Alcaldía cando estaba previsto a posta en servizo do saneamento dos barrios do Pontigo, Hermsende e Parraguesa da parroquia de Galdo, sendo a súa resposta que non había potencia suficiente, querendo Begasa que fose o Concello o que levase o reforzo de liña, por este motivo lle facemos as seguintes preguntas:

.-¿Presentou o Goberno Local a Begasa o boletín de enganche deste saneamento?.

-¿Ten o Goberno Local presuposto económico dalgunha empresa para facer o reforzo de liña eléctrica que esixe Begasa para facer dita obra?.

Si o ten, ¿Canto custa a obra en cuestión?.

-¿Para cando teñen previsto a posta en servizo do saneamento dos Barrios do Pontigo, Parraguesa e Hermsende da Parroquia de Galdo despois de levar anos acabada a obra civil?.

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:



- Non se pode presentar o boletín de enganche ata que se realice o reforzo de liña eléctrica. Fai uns días retomamos as negociacións con Begasa

3º.- Por D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

3º.- O pasado día 1 de xaneiro, veciños do barriño da Cruz da parroquia de Covas deron a voz de alerta pola caída dun muro de pedra mduns 4 mts, de largo por 2,5 mts de altura, muro que foi de peche dunha finca e dunha vivenda deshabitada. A zona foi acordada por protección civil par previr calquer perigo debido á proximidade dunha rúa e a estreitez da mesma como consecuencia de caída deste muro, o que dificultaba a circulación de vehículos. A día de hoxe e motivado por este derrube, cedeu unha pequena parte do terreo da rúa onde se atopa o paso de canalizacións de alcantarillado da auga pública e privada. Na data actual e aparentemente, non se ten tomado ningunha decisión, nin actuado sobre este problema, co risco de que se produzan máis danos; por todo isto este grupo municipal formula as seguintes preguntas:

- ¿Ten coñecemento, despois de dous meses, da situación na que se atopa esta rúa no Barrio da Cruz?-
- En caso afirmativo, ¿qué medidas se teñen tomado dende a caída do citado muro ata o día de hoxe?.

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

-O mesmo día que se derrubou o muro no Barrio da Cruz, tanto Protección Civil como o encargado de Obras se desprazaron ao lugar para comprobar a situación. O único perigo que existía eran cinco lousas da casa colindante que Protección Civil se encargou de sacar. Ao día seguinte, unha técnico municipal, por orde do Concelleiro de Obras, se desprazou á zona para facer un informe e non detectou ningún tipo de perigo inmediato.

O muro é privado, e o dono está informado dende o primeiro momento do sucedido. Ata o momento non puído levantalo por que, como saben, levamos soportando dous meses de auga ininterrompida.

O que ao equipo de goberno nos parece lamentable é que saian á prensa alarmando aos veciños e, como é o seu estilo, cargando inxustamente contra o equipo de goberno.

4º.- Por D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes ROGOS, o obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1º) Veciños da Rúa de acceso ó antigo Colexio publico da parroquia de Covas (hoxe Centro Sociocultural), manifestáronnos en varias ocasións as malas condicións nas que se atopa esta rúa dende fai anos, estando chea de fochancas, con cortes de suministro de auga a miúdo, con moitas deficiencias en canto ó firme e mesmo cunha deficiente canalización das augas e un estado lementable do alcantarillado. Este feito ten provocado danos en algunhas vivendas, motivo polo que ROGAMOS que se de prioridade á reparación de todas as anomalías que presenta esta rúa en futuras accións a realizar, ben sexa con investimento local, provincial, autonómico ou estatal.

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

Non é certo que a rúa dende a Fonte ao colexio público de Covas estea en malas condición dende hai anos. En agosto do ano 2011 fíxose un riego asfáltico de toda a rúa a través do plan PEIM.

Como dixemos anteriormente, esta rúa carece, por que vostedes así o deixaron, de recollida de pluviais e co alcantarillado en malísimas condicións. Somos conscientes de que as malas condicións do alcantarillado e da inexistencia de recollida de augas pluviais está afectando a unha vivenda. O concelleiro de obras estivo con ete veciño varias veces e comunicouse o problema á empresa AQUAGEST.

A idea é substituír soamente nese tramo o alcantarillado que está en malas condicións, poñer recollida de augas e pavimentar a zona.

2º.- No Barrio do Chao da parroquia de Celeiro, hai unha parada de bus moi utilizada polos seus veciños e veciñas, atopándose sen marquesinas dende fía moitos anos como consecuencia da ampliación da carretera como sinalan agúns veciños. O certo é que a día de hoxe non está repostada no seu lugar, o que obriga ós viaxeiros a buscar refuxio en lugares fóra da propia parada, por este motivo ROGAMOS o equipo de goberno local que realice as xestións necesarias para a recolocación da citada marquesina nesta parada do Barrio do CHAO.



Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

Non só no barrio do Chao se necesita a colocación dunha marquesina; existen moitas zonas dentro do municipio que tamén as necesitan. O equipo de goberno é consciente da situación pero entendemos que no contexto económico que están pasando todos os concellos hai situación de moita máis urxencia. En calquera caso, seguimos realizando xestións coas administracións para interar conseguir algunha marquesina.

3º).- No barrio da Misericordia, vive unha familia con máis de 37 cans, e un membro da familia solícitanos que se lle busque unha solución par apoder albergar en outro lugar estos animais. Por outra parte, os veciños do lugar denunciaron en varias ocasións esta situación polo insalubre da mesma. Situación que verbalmente comunicamos á Sra. Alcaldesa e que reiteramos novamente.

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

Teño que dicir que é certo que o Voceiro do Partido Popular falou deste tema e xa hai meses, membros do Seprona se trasladaron á zona para comprobar esta situación. As veciñas non lles permitiron o paso á finca, polo que o Concelleiro de Obras e Medio Ambiente se puxo en contacto coas autoridades da Xunta para que fixesen unha inspección. Non temos coñecemento algún de que algún técnico de medio ambiente se pasara a comprobar a situación, en calquera caso estamos retomando o tema con Seprona.

1º- D. Bernardo Fraga Galdo en representación do Grupo Municipal BNG, realiza á Alcaldesa da Corporación, a seguinte pregunta sobre as que desexa obter a correspondente resposta:

Os traballadores de “Aparcamentos A Mariña levan varios meses sen cobrar e queremos saber cales foron as xestións que se están a facer para que estes traballadores perciban os seus salarios:

Pola Señora Alcaldesa contéstalle o seguinte:

Todos sabemos que os ingresos percibidos por Aparcadoiros A Mariña foron intervidos xudicialmente no ano 2011, a instancia da Sociedade General de Aurores (SGAE) en cumprimento de sentenzas por débedas do Concello por dereitos de autor de actividades culturais xa dende o ano 2000, e todos sabemos que a Empea “Aparcadoiros segue sendo deficitaria, pero que todolos os ingresos e impostos quedaron paralizados. O Concello subvencionou en varias ocasións para pagar impostos, dando unha vez, 27.000 euros; de outra vez outra subvención de 14.000 euros e o 19 de xullo unha subvención de 3.000 euros.

Continúa dicindo que con respecto ás nóminas dos traballadores, se está a falar con unha entidade financeira e tamén que o Consello de Administración, que tivo hoxe unha reunión para buscar a maneira mais beneficiosa para todos e pretende adoptar medidas como é a venda de prazas e outras opcións, que se están a baraxar, mirando a maneira mais favorables para os traballadores.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vinteunha trinta horas do día con que se encabeza esta Acta, que asinan os asistentes por quintuplicado exemplar, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº. e prace
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL.